XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Denuncia da representante xeral do Partido Popular de Galicia contra a alcaldesa do Concello de Redondela, por unha posible infracción do artigo 50 LOREX, polo anuncio da posta en disposición da veciñanza autobuses gratuítos para as persoas que desexen asistir á manifestación "En defensa do noso mar" convocada por varias entidades (doc. RE 288/2024).

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

ANTECEDENTES

1. O 19 de xaneiro de 2024, a representante xeral do Partido Popular (PP), formaliza denuncia contra a alcaldesa do Concello de Redondela, por unha posible infracción do artigo 50 LOREX, polo anuncio da posta en disposición da veciñanza autobuses gratuítos para as persoas que desexen asistir á manifestación "*En defensa do noso mar*" convocada por varias entidades (doc. RE 288/2024).

2. O 20 de xaneiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselle á alcaldesa do Concello de Redondela copia da denuncia, aos efectos de formular alegacións.

3. O 21 de xaneiro de 2024 venceu o prazo para evacuar alegacións, sen terse cumprido o trámite concedido pola alcaldesa do Concello de Redondela.

FUNDAMENTOS XURIDICOS

Esta xunta electoral examinada a denuncia presentada fronte a alcaldesa do Concello de Redondela polo anuncio de posta a disposición de autobuses para acudir a manifestación "*En defensa do Noso mar*" que tivo lugar en Santiago de Compostela, tendo en conta que:

A manifestación "*En defensa do noso mar*" estaba autorizada e amparada polo dereito de reunión, regulado na Lei Orgánica 9/1983, de 15 de xullo e vistas as infracción electorais tipificadas no artigo 50 da LOREX e na Instrución XEC 2/2011 sobre o obxecto e límites das campañas institucionais, no presente caso o anuncio denunciado non pode ser cualificado como acto organizado ou financiado que conteña alusións ás realizacións ou aos logros obtidos, e tampouco pode considerarse inauguración de obras ou servizos públicos, polo que, non pode ser

cualificado como un acto de contido electoralista, non cabendo apreciar que exista vulneración do artigo 50 da LOREX.

Consecuentemente, adóptase o seguinte

ACORDO

O arquivo da denuncia.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 17:00 horas do próximo día 25 de xaneiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal